



# Emprego Autónomo en Galicia [TR341Q]

## Bono das persoas autónomas



### Persoas beneficiarias

Aberto o prazo ata o  
**14 de febreiro**

- Persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou mutualidade de colexio profesional, con domicilio fiscal en Galicia, cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos nunha actividade empresarial ou profesional, cun un rendemento neto reducido no 2020 inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído).

- As sociedades de calquera clase e comunidades de bens con domicilio fiscal en Galicia, cunha facturación mínima de 12.000 euros (IVE incluído) e unha base imponible inferior a 30.000 euros no imposto sobre sociedades ou no rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declaradas no IRPF da suma de todos os membros no ano 2020 e que teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos nunha actividade empresarial ou profesional.

Quedan excluídos os familiares e as persoas que cobrarsen a axuda do Bono das persoas autónomas nalgunha convocatoria anterior

Orzamento  
**8.000.000 €**



### Contía e xustificación da axuda

**100%**  
Pagamento  
anticipado

**80%** do investimento cun importe máximo de: **3.000 €**

- Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen nos prazos establecidos na orde.
- Considerarase gasto realizado o que estea efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En todo caso, o pagamento dos gastos xustificativos da subvención deberá terse realizado ata o 5 de decembro do ano 2022.
- A liquidación do importe final da subvención calcularase en función das facturas e demais xustificantes que se presenten ao respecto, de acordo co establecido na orde e na resolución de concesión.
- Os gastos acreditaranse a través de transferencia ou certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.



# Emprego Autónomo en Galicia [TR341Q]

## Bono das persoas autónomas



### Actividades subvencionables

(Liñas non excluíntes nin entre elas nin entre os distintos servizos e investimentos que as integran)

#### Liña 1. Mellora da competitividade a través de servizos

- Plan estratéxico do negocio
- Plan de reorientación do negocio
- Plan de refinanciamento
- Plan de márketing
- Plan de eficiencia enerxética
- Plan de biodiversidade
- Plan de comunicación
- Plan de transformación dixital
- Servizos contratados co IGAPE a través do Programa ReAcciona 2021
- Outros plans para aumentar a competitividade da empresa

#### Liña 2. Mellora da competitividade a través de investimentos

- Compra de maquinaria
- Compra / instalación para a mellora da eficiencia enerxética
- Substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos
- Compra de utensilios e ferramentas
- Reforma do local do negocio
- Equipamento informático
- Equipamento de oficina / negocio
- Rótulos
- Aplicacións informáticas, webs, apps e redes sociais
- Deseño de marca



### Presentación de solicitudes

- Presentación **obligatoria por medios telemáticos** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- No caso de **emenda**, tomarase como **data de presentación** da solicitude aquela **na que sexa realizada esta**.
- A **rede de técnicos de emprego de Galicia** poderá prestar asistencia efectiva ás persoas solicitantes que carezan de medios para relacionarse telematicamente.

Acceso á rede de  
técnicos de  
emprego



- Pulsa para acceder -



### Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Manter a **alta no RETA ou mutualidade** durante un **mínimo de 2 anos**.
- Dispor dos **libros contables, rexistros ou documentos auditados** exixidos pola **lexislación mercantil** ou sectorial.
- **Conservar os documentos xustificativos** da aplicación dos fondos recibidos.
- Adoptar as **medidas de difusión** para dar publicidade ao financiamento público.

O importe desta subvención non poderá ser de tal contía que supere o 80 % do custo das actividades desenvolvidas.

Esta axuda será incompatible coas axudas para a dixitalización e modernización de empresas comerciais e artesanais convocadas para o 2022 ou que outorguen as administracións públicas polos mesmos conceptos e gastos, agás as outorgadas polo Igape dentro do programa Re-Acciona convocado para o 2022.